


# Castelao maxistral

## Propostas de traballo



A dirrección da escola

Estes materiais, elaborados polo Departamento de Xeografía e Historia e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Milladoiro de Ames, pónense a disposición do profesorado por iniciativa de Nova Escola Galega, por se fosen útiles para visitar e/ou traballar sobre a exposición *Castelao maxistral*.

Os materiais e propostas de actividades enténdese que son utilizables en diferentes contextos curriculares e de etapas educativas, aínda que están pensados fundamentalmente para o ensino secundario. Non teñen ánimo de constituír unha proposta pechada nin a intención de que sexa realizada a totalidade das propostas.

Agardamos que sexan útiles e que lle axuden a comprender mellor ao noso alumnado a época e os acontecementos da nosa Historia recente.

### **Autoría**

- Ana Sofía Ardariz García (Equipo de Dinamización da Lingua Galega. IES do Milladoiro).
- María Jesús Barral Otero (Departamento de Xeografía e Historia. IES do Milladoiro).
- Juan Luis de la Sotilla Varela (Departamento de Xeografía e Historia. IES do Milladoiro).
- María Elena Docanto Laviña (Departamento de Xeografía e Historia. IES do Milladoiro).
- María Xosé Fernández Rivas (Equipo de Dinamización da Lingua Galega. IES do Milladoiro).
- Valentina Formoso Gosende (Equipo de Dinamización da Lingua Galega. IES do Milladoiro).
- María del Pilar García Casas (Departamento de Xeografía e Historia. IES do Milladoiro).
- Beatriz Otero Enjo (Equipo de Dinamización da Lingua Galega. IES do Milladoiro).
- Víctor Manuel Santidrián Arias (Departamento de Xeografía e Historia. IES do Milladoiro).

## Introdución

*"Que cren vostedes que é un artista? Un imbécil que só ten ollos para pintar se é pintor, que só ten oídos se é músico, que só ten unha lira para expresar todos os seus sentimentos se é un poeta ou que só ten músculos se é campesiño? Nin moitísimo menos. O artista é un ser político que vive pendente e consciente de todos os acontecementos —desoladores, de actualidade ou pracenteiros— que ocorren no mundo e reacciona ante eles. Como é posible non interesarse por outras persoas, subir a unha torre de marfil e illarse da vida que achega tantas cousas boas? Non, a pintura non existe só para decorar as paredes das casas. É unha arma que serve para atacar ao inimigo e para defenderse del."*

Estas palabras de Pablo Ruíz Picasso a un xornalista tras a Segunda Guerra Mundial ben poden ser extrapoladas para analizar a mostra de *Castelao maxistral*. E é que a obra de Castelao mostra a súa inqueda pola situación política de Galicia: foi pioneiro do compromiso político e social expresado a través da ilustración nos medios de comunicación.

A obra de Castelao reflicte a situación social e política de Galicia a inicios do século XX. Unha sociedade marcadamente agraria na que o caciquismo dominaba a política. O agrarismo impulsou as reivindicacións de cambio e fixo que esa sociedade campesiña comezase a reivindicar os seus dereitos tantos séculos negados. A crise da Restauración supuxo un colapso do sistema que rematou coa proclamación da IIª República e o exilio do rei Alfonso XIII en 1931. Castelao mostrou o caciquismo, a precariedade do ensino, a pobreza...

A IIª República canalizou as esperanzas de cambio. As reformas impulsadas polo goberno republicano-socialista pretendían modernizar o país. A aprobación do Estatuto de Autonomía galego, en cuxa redacción participaron Alexandre Bóveda e Castelao, vinculouse a estas reformas.

Un dos maiores esforzos reformistas realizouse no eido educativo: as propostas pedagóxicas da Institución Libre de Enseñanza, a creación de novas escolas, o ensino para nenos e nenas, as Misións Pedagóxicas... buscaban a alfabetización do pobo e, en definitiva, actuar contra unha precariedade secular que reforzaba unha gran polarización social. Castelao, que coñecía esta realidade polo seu traballo como profesor de debuxo, criticou esta situación a través das súas viñetas.

O golpe de estado militar contra o goberno lexítimo da Fronte Popular deu paso á Guerra Civil entre os partidarios dos sublevados e os partidarios da IIª República. O conflito tivo consecuencias terribles. Supuxo a negación de todos os intentos de cambio impulsados durante a etapa republicana, a implantación dunha ditadura e a represión dos vencidos, que comezou nos territorios dominados polos sublevados durante a propia guerra. As execucións, os "paseos", a marxinação social das familias dos vencidos, así como o ataque aos colectivos vinculados ás institucións republicanas, como os mestres ou os políticos, que foron perseguidos e asasinados. Foi o caso de Alexandre Bóveda.

Moitas persoas, como o propio Castelao, marcharon ao exilio. Seguiu creando para que a memoria da barbarie non se perdese, para que non caese no esquecemento, para que todas e todos recordásemos.

Castelao faleceu en Bos Aires. A represión franquista impúxolles aos medios de comunicación a obriga de non mencionaren *Sempre en Galiza* —libro referente teórico do nacionalismo galego— e os seus álbums de guerra: *Atila en Galicia*, *Milicianos* e *Galicia mártir*. Precisamente dunha das estampas de *Galicia mártir*, "A derradeira lección do mestre", e do cadro *A derradeira lección do mestre*, exposto na Cidade da Cultura de Galicia, tratan as seguintes propostas de traballo.

Xaneiro 2019


As actividades e tarefas propostas divídense en tres partes, a primeira deberíase realizar de xeito previo á exposición, a segunda durante a visita e a terceira será para realizar despois de ter ido ver a exposición.

Dentro de cada un dos tres apartados atópanse exercicios, tarefas ou actividades relacionadas con aspectos históricos, sociolingüísticos ou artísticos do cadro *A derradeira leición do mestre* e do contexto no que se inscribe: a escola que viviu Castelao e a escola do franquismo, o papel da cultura e da intelectualidade na Segunda República, a relación de Alexandre Bóveda co Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936, a depuración e represión do maxisterio pola ditadura etc.

Hai tamén referencias á situación lingüística e sociolingüística da época, relacionadas en parte coa docencia: a lingua que usaba o profesorado e o alumnado, a lingua vehicular na escola, a represión lingüística exercida na época e que o autor soubo denunciar de forma maxistral con moi poucas palabras. Esta proposta vainos permitir tamén arrancar un pequeno proxecto que nos vai axudar a coñecer moito mellor a realidade sociolingüística da nosa época actual, derivada en grande medida daquela. De paso tamén imos incorporar outros saberes filolóxicos, literarios e mesmo sociolóxicos.

Dende o punto de vista artístico, poderemos coñecer o sentido dos álbums de guerra de Castelao, principalmente *Galicia mártir*, e a súa relación con outras pinturas, entender as razóns polas que *A derradeira leición do mestre* é coñecido como "O noso Guernica", a relación desta obra con outros cadros etc.

Son moi numerosas as cuestións propostas e, aínda que nalgúns casos están relacionadas entre si, outras moitas teñen sentido en si mesmas, polo que non é necesario traballalas todas.



## Castelao maxistral

Propostas de traballo previas á exposición

## Castelao maxistral. Propostas de traballo previas á exposición (1-14)

1. A seguinte táboa resume algúns aspectos das leis educativas de varios momentos históricos. Le con atención e responde as seguintes cuestións:

Leis educativas	Lei Moyano de 1857	Lexislación da IIª República	Lei de Educación de 1945 e Lei de Ordenación da Ensinanza Media de 1953
<b>Estrutura</b>	<p><u>Primaria</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Obrigatoria dende os 6 ata os 9 anos.</li> </ul> <p><u>Secundaria</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Prevese a apertura de institutos de bacharelato en cada capital de provincia.</li> <li>Permitir a ensinanza privada nos colexios relixiosos, que recibirán especial consideración.</li> </ul>	<p><u>Primaria</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Voluntaria (4-6 anos) e básica (6-12 anos).</li> </ul> <p><u>Secundaria</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>2 ciclos: prolongación de primaria (12-15 anos) e preparación para cursos universitarios (15-18 anos)</li> </ul>	<p><u>Primaria obrigatoria</u> (6-12 anos)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Impartíase en diversos tipos de escolas: nacionais, da Igrexa, do padroado e privadas.</li> </ul> <p><u>Secundaria</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Elemental de catro anos de duración, unha reválida para acceder ao bacharelato superior de dous cursos máis e outra reválida. Un curso de preparación para a Universidade (PREU). O bacharelato de plan especial, laboral (cinco cursos e outras dúas reválidas).</li> </ul>
<b>Separación nenos/as</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Separación de sexos.</li> <li>Carácter nescgado no relacionado coa muller, que ocupaba un papel pasivo. Non era común a súa escolarización. Materias específicas para a muller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coeducación: nenos e nenas deben de formarse xuntos seguindo un mesmo programa. Esta idea sería aplicable a todos os graos de ensinanza.</li> <li>Segundo bienio: Prohibición da coeducación nas escolas primarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>"O Estado, por razóns de orde moral e de eficacia pedagóxica, prescribe a separación de sexos e a formación peculiar de nenos e nenas".</li> </ul>

Leis educativas	Lei Moyano de 1857	Lexislación da IIª República	Lei de Educación de 1945 e Lei de Ordenación da Ensinanza Media de 1953
Materias	<p><u>Primaria</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Primeiro: doutrina cristiá e nocións de historia sagrada.</li> <li>• Segundo: lectura.</li> <li>• Terceiro: escritura.</li> <li>• Cuarto: principios de gramática castelá, con exercicios de ortografía.</li> <li>• Quinto: principios de aritmética, co sistema legal de medidas, pesas e moedas.</li> <li>• Sexto: breves nocións de agricultura, industria e comercio, segundo as localidades.</li> </ul> <p><u>Nas ensinanzas das nenas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Primeiro: labores propios do sexo.</li> <li>• Segundo: elementos de debuxo aplicado aos mesmos labores.</li> <li>• Terceiro: nocións de hixiene doméstica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anúncianse as ensinanzas específicas para alumnos con necesidades educativas especiais (xordomudos, cegos...).</li> <li>• Instase ás escolas a impartir materias de iniciación a actividades profesionais e as relacionadas coas afeccións, sempre que se conecte coa vocación do neno e especificidade da rexión.</li> <li>• As materias teñen que ter un carácter activo e creador (para estudar Ciencias hai que saír ao campo).</li> </ul>	<p>Coñecementos en tres tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instrumentais (Lectura Interpretativa, a Expresión gráfica, Escritura, Ortografía, Redacción e Debuxo e Cálculo).</li> <li>• Formativos (formación relixiosa, formación do espírito nacional, no que se inclúen tamén a Xeografía e Historia, particularmente de España, formación intelectual (Lingua nacional, Matemáticas, educación física).</li> <li>• Complementarios (Ciencias da Natureza; ou teñen carácter artístico: Música/Canto e Debuxo, ou utilitario: Traballos manuais, prácticas de taller, labores femininos).</li> </ul>
Linguas		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bilingüismo: Decreto de 1931 no que se reconece a existencia de distintas linguas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso preceptivo da lingua española en todo o territorio do estado: "A lingua española, vínculo fundamental da comunidade hispánica, será obrigatoria e obxecto de cultivo especial, como imprescindible instrumento da expresión e da formación humana, en toda a educación primaria nacional".</li> </ul>
Relixión	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Carácter confesional. Control da Igrexa sobre os contidos educativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A educación pública debe ser laica. O Estado debe poñer os medios para ofrecer ensinanza relixiosa, pero sempre fóra da escola.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Carácter confesional da educación. Recoñéceselle á Igrexa o dereito á vixilancia e inspección de toda ensinanza nos centros públicos e privados en todo canto teña relación coa fe e os costumes.</li> </ul>

- A que anos comezaban os nenos/as a escola en cada un dos tres momentos?
- Tendo en conta que soamente a ensinanza primaria era obrigatoria, a que anos podían os nenos/as deixar a escola?
- En que lei se admite que os nenos e nenas poidan estar xuntos na clase?
- Que importancia se lle outorga á relixión en cada una das leis?
- Que quere dicir "labores propios do sexo"?
- Compara o papel da Igrexa en cada momento.
- Que lei permitía falar galego na escola?

2. A escola dos meus avós: imos coñecer, caso de ser posible, un pouco máis a historia das nosas familias.

- Fotografía da escola.
- Localización.
- Anos de escolarización.
- Número de alumnos/as.
- Materias que estudaban.
- Días de clase.
- Horario.
- Nome do mestre/a.
- Os libros dos meus avós.

3. Lingua vehicular na escola.

• Realízalle este breve cuestionario a algún dos teus avós ou avoas. No caso de que non teñas avós podes buscar algún parente ou veciño de idade avanzada.

- Nome da persoa entrevistada.
- En que lingua falabas cando eras mozo/a:
  - . na casa?
  - . cos compañeiros que ían contigo á escola?
  - . co profesor ou profesora?
- Podías falar en galego mentres estabas dentro da escola? E no patio?
- Lembras o que é a diglosia? Pon un exemplo no que se poida percibir no teu arredor.
- Define os seguintes termos (Se non coñeces o seu significado, búscalo no dicionario):
  - estrobo:
  - ollomol:

Terán que ver con algún lugar no que Castelao residise? Por que razón?



4. Lingua escrita na escola. Procura dous homes e dúas mulleres que teñan máis de 65 anos e que fosen á escola, para que che respondan as seguintes preguntas:

	Canto tempo fuches á escola?	En que lingua estaba o libro, manual, enciclopedia... que empregabas?	En que lingua aprendiches a escribir?	Escribiches algunha vez en galego durante a etapa escolar?
Home 1. Idade:				
Muller 1. Idade:				
Home 2. Idade:				
Muller 2. Idade:				

5. Lingua escrita na escola. Cómpre lembrar que o Rexurdimento é un movemento que xurdiu na segunda metade do século XIX. Cantos anos pasaron entre que se publicou o primeiro libro en galego e que Castelao publicou o seu primeiro libro?



6. Lingua escrita na escola. Agora imos repasar a cuestión normativa. Fíxate nestas portadas, pescuda cando se publicaron e logo contesta as preguntas que están a continuación.



- Procura cales foron as principais propostas para a unificación do idioma galego que publicaron desde o Seminario de Estudos Galegos (SEG)?
  - Sinala que é o SEG e por que querería elaborar as devanditas normas.
  - Que elementos se conservan na normativa actual desde aquela e cales non?
  - Cantos anos puideron estar vixentes estas normas do SEG? A que obra(s) de Castelao lle puideron afectar?
    - Cales foron os dicionarios e vocabularios de galego que existían na época?
    - Procura información sobre Lurgis Freire e os contidos da súa obra non literaria máis recoñecida.

7. Castelao e as Irmandades da Fala: Procura información sobre as Irmandades. Cales eran os seus obxectivos principais?

8. Castelao e as Irmandades da Fala: En que momento Castelao entrou en contacto coas Irmandades? De que xeito?

9. Bóveda, Castelao e familia durante a represión. Le os seguintes fragmentos tirados da obra de Xosé Monteagudo *Todo canto fomos* e resume o panorama que, a través da voz dun dos protagonistas, mostran sobre o momento do Alzamento militar. Indica, a continuación, que imaxe tomas de Bóveda a través deste relato novelado.

*“Que as cousas comezaban a coller un rumbo diferente comezou a intuilo ao remate do venres, cando saía do Museo de Pontevedra e se cruzou na rúa con Alexandre Bóveda, que ía camiño do Goberno Civil, acorando. Polo que lle contou Bóveda, sen deixar de ampear, acababan de chegar noticias de que había algún movemento de tropas no norte de África. Na inxenuidade da sorpresa, Anxo Daponte aínda había de lembrar que chegou a preguntar se era contra o goberno. E recordaría tamén que Bóveda lle contou que o movemento parece que se reducía ás gornicións africanas, e que polo tanto non cría que se alongase moitos días antes de que o esmagasen. Non fixera algo semellante o xeneral Sanjurjo no ano 1931?, díxeralle Bóveda, e xa se vía onde el estaba, exiliado en Portugal despois de ser condenado polos tribunais militares en cumprimento das leis da República.*”

(...)

O que máis atemorizou daquela a Anxo Daponte foi o relato que lles fixo Alexandre Bóveda sobre a experiencia que tivera despois de que o sacasen da cela, aos poucos días de o deter. Polo que lles dixo, subíranos a un coche custodiado por dous gardas civís e leváranos con destino ao cárcere de Ponte Caldelas. Só que á metade do camiño, de noite, nun lugar onde non se vían casas nin presenza humana, o coche detivérase e os gardas civís fixéranos baixar. De pé á beira do vehículo, iluminados debilmente polo dobre funil das dúas lanternas que a parella de axentes termaba nas súas mans, un deles díxolle que podía escapar. Polo silencio que Alexandre observou no outro garda civil comprendeu que a decisión era premeditada. Durante a viaxe non cruzaran palabra, e iso fíxoo desconfiar definitivamente. Porque se a intención real da viaxe era de verdade a de o deixar libre, e niso estaban de acordo as xerarquías superiores daquela parella de axentes, por que non o cebaran directamente da cadea e lle permitiran regresar á súa casa? E se os xefes non estaban conformes con aquel desenlace, por que motivo dous gardas civís, que nin sequera o coñecían, ou que se cadra só o coñecían de oídas, ían escoller aquel método no que serían perfectamente identificados como cómplices e responsables da fuxida? A lucidez coa que razoou naquel intre salváralle a vida. Iso foi o que Bóveda lle confesou a Anxo Daponte, ao doutor Caamaño e mais aos outros dous presos que o escoitaban no recuncho da cela.

Anxo preguntoulle daquela que quería dicir con esa última frase. Bóveda explicou que a imaxe se lle presentara na mente cunha claridade absoluta. El confiaría nas palabras dos dous gardas e botaría a correr por entre os toxos. Apenas conseguiría avanzar uns metros antes de notar nas costas a queimadura dos disparos cos que os outros dous o abaterían coma un coello.

-É o que están facendo con algúns detidos, polo que oín -díxolles-. Dinlles que escapen e a continuación asasínanos a sangue frío e xustifican a morte en aplicación da lei de fuxidos.

(...)

Polo que lles contou, uns días máis tarde trasladárono ao cárcere de Caldas de Reis, e alí sometérono a dous interrogatorios. Varios dos oíntes quixeron saber a índole das cuestións sobre as que lle preguntaron. Foilles contando que lle preguntaran pola prensa que lía habitualmente, polo carácter do Partido Galeguista e mais polos sucesos do Goberno Civil naqueles días. (...) A impresión que tirara era que o consello de guerra no que o ían xulgar, o mesmo ca as súas declaracións nos interrogatorios, eran só un requisito para ditar unha sentenza que xa decidiran de antemán.

-Dálles igual o que digamos -confesou Bóveda- Por máis que intentei demostrarlles que non defendo a independencia de Galicia, que o noso partido non é de esquerdas ou que non propugnamos ningún tipo de violencia, para eles só son un separatista perigoso que pertence á Fronte Popular".

**10.** Bóveda, Castelao e familia durante a represión. Que sabes do Bou Eva? A continuación podes ler un fragmento adaptado do Catálogo *Castelao maxistral*:

Xosé Losada Castelao e Manuel Rodríguez Castelao (1905) eran curmáns do autor d'A derradeira lección do mestre. Ambos eran mestres e membros do Partido Galeguista, ademais Manuel debuxaba e pintaba.

Despois do rápido triunfo do golpe de estado en Galicia planificaron fuxir desde o porto de Vigo no bou Eva, xunto con outras dez persoas. Os dous curmáns, mentres esperaban a saída do barco, estiveron agochados en Vigo na casa de Ramiro Isla Couto, membro do Partido Galeguista. Durante esa espera Manuel R. Castelao pinta dous cadros ao óleo que se amosan na exposición.

*O 22 de abril de 1937 xuntáronse na bodega do bou Eva, ancorado no porto de Vigo para saír cara a Francia. Xunto aos nove homes mozos comunistas, socialistas e galeguistas está unha muller, esposa dun deles. Antes de fuxiren son delatados polo capitán mercante Ramón Mosquera Fungueiriño, de Taragoña. Rodeados por un vapor ocupado por falanxistas non se entregan e os fascistas....*

- Procura información sobre como acabou esta historia dos republicanos do Bou Eva e relátalo.

**11.** Que papel desempeñou a cultura durante a Segunda República Española? Responde as seguintes cuestións:

- Que labor desenvolveron os intelectuais durante a Segunda República?
- Que organizacións fundaron para difundir os valores republicanos?
- Os artistas destacaron especialmente neste período. Sinala as achegas de Maruja Mallo, Federico García Lorca e do propio Castelao.


**12.** *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos* son os álbums de guerra realizados por Castelao. Buscade información na aula e, en grupos, contestade as seguintes preguntas:

- Que teñen en común estes álbums?
- Como credes que Castelao denuncia a represión e a dureza dunha guerra?
- Coñeces algún ou algunha artista (pintor, escultor, fotógrafo...) que utilice a imaxe nas súas obras como denuncia dunha situación opresora?

**13.** Que pasou en Guernica durante a Guerra Civil? Elabora unha ficha técnica do *Guernica* de Pablo Picasso.

**14.** Na exposición, o cadro *A derradeira leición do mestre* de Castelao é denominado "O noso Guernica". Cal pode ser o motivo?





## Castelao maxistral

Propostas de traballo para a exposición

## Castelao maxistral. Propostas de traballo na exposición (15-32)

15. Busca información sobre a muller e a educación.
  - Fotografía dunha escola de nenas.
  - Data:
  - Lei:
  - Lugar:
  - Número de nenas:
  - Mestre/a:
16. Redacta un resumo de 100 palabras do vídeo no que fala unha antiga alumna de Castelao.
17. Busca os nomes de dúas mestras represaliadas e sinala o lugar onde os atopaches.
18. Elixe una viñeta cunha crítica á Igrexa, intenta debuxala e fai unha pequena reflexión sobre ela.
19. Castelao foi profesor: que materia impartía? Fotografa os materiais que utilizaba.
20. Que outras materias se impartían? Fotografa o panel no que atopaches a información.
21. Como, cando e por que foi asasinado Alexandre Bóveda?
22. Que papel desempeñou Bóveda na elaboración do Estatuto de Autonomía de 1936?
23. Le o poema "Cunetas", de Luís Pimentel, e anota os 5 primeiros versos.
24. Fotografa o rostro do fusilado no cadro *A derradeira leición do mestre*.
25. Fotografa a listaxe dos cen profesores asasinados.
26. Le o texto do panel "A luz da República". Que fixo a República polo ensino? Por que se chamará así este panel?
27. Visualiza o fragmento d'*A lingua das bolboretas*, filme de 1999 dirixido por José Luis Cuerda. Quen é o autor da novela homónima na que se inspira o filme? Observa con atención a secuencia final do fragmento da película.
28. Sobre a lingua falada.
  - Procura catro debuxos de Castelao onde se mostre a lingua que falaba o profesorado na escola. Debes sacarles unha foto e mais copiar os textos.
  - Procura dúas láminas nas que se vexa que a lingua empregada polos docentes e o alumnado é diferente. Debes sacarles unha foto e mais copiar os textos.
  - Procura unha lámina na que se visualice de xeito evidente a situación de diglosia que Castelao pretendía denunciar.
  - Por que sabemos que había xente que falaba con gheada? De que lámina ou láminas o deduces? Anota o texto e saca unha foto. Xustifica a resposta.
29. Arredor da lingua escrita.
  - Como se escribía na época? Anota as diferentes formas de denominar os "mestres", pon nunha fila os termos que pertencen á mesma familia léxica (que teñan a mesma raíz) e noutra aqueles que sexan sinónimos. Anota que frecuencia ten cada un.
  - Localiza unha estampa na que unhas señoras ironizan sobre a sorte que tiveron de non aprender a escribir, fíxate nela e responde as seguintes cuestións:
    - Cal é o motivo que provoca esta reflexión?
    - Por que escolleu precisamente Castelao mulleres (e non homes), de certa idade (e non nenas) para presentar esta realidade?

- En que lingua escribirían estas mulleres, se soubesen?
- De que ano é esa estampa?
- Localiza o expositor no que hai algúns libros que poderían empregarse como manuais na escola e responde: Que entidade publica o *Método de lectura*? En que ano?
- Repara nunha lectura para nenos que escribiu Vicente Risco. Anota un título e o ano de publicación e reflexiona sobre a razón de que un novelista coma Risco escribise un conto infantil coma este.
- Anota o ano de publicación, o título e subtítulo dunha obra de teatro escolar.
- Fíxate nos dous libros de xeografía que podes ver. Indica as diferenzas que observas e reflexiona sobre elas.
- Saca unha foto da *Historia sintética de Galicia* de Ramón Villar Ponte e comenta os elementos que aparecen na portada.
- Localiza a *Gramática do Idioma Galego*. Quen a escribiu? En que ano? Onde se imprimiu?
- Hai debuxos de Castelao que aparecen na prensa. Fíxate se os xornais que publican as súas láminas están en galego ou en castelán, anota a cabeceira de cada un e a lingua na que está escrito. Algún deses xornais está relacionado coas Irmandades?
- Cal é a editorial que publica naquela época para a que Castelao deseñou o logotipo? Tira unha foto do logotipo deseñado por Castelao e explica o seu contido.
- Indica o nome doutra editorial do momento e descubre se Castelao publicou algunha obra nesoutra editorial.

### 30. Sobre a Represión.


- Unha lámina que está moi reproducida presenta un neno que non quere ir á escola porque o mestre lle pega. Sácalle unha foto en dous lugares onde apareza. Dado que se realizou no ano 1920, cres que podería pegarlle por falar galego?
- Procura unha lámina na que aparece a palabra "ollomol". Analízala con detalle e indica cal é o tema que pretende denunciar Castelao. Compáraa con estotra que di: *Mandaron ise "maestro" de Madrí e total din os rapaces que non sabe o que é un estrobo...* Sácalle unha fotografía a cada unha delas e comenta as semellanzas en relación coa intencionalidade.
- Tal e como estiveches vendo antes de vir á exposición, Castelao tivo relación coas Irmandades da Fala. Busca algunha lámina onde se vexa reflectida algunha das ideas que corresponde ao Ideario das Irmandades. Tira unha fotografía.
- Fotografía os cadros que pintou o curmán de Castelao mentres esperaba para entrar no Bou Eva.
- Busca as edicións dos cadernos pintados por Castelao en 1937 sobre a atroz represión e morte desencadeada polos fascistas. Localízalas na mostra e copia a información proporcionada polas cartelas que as acompañan.

### 31. Anota as obras que teñan que ver coa relación de Castelao e a República.

- 32. Na mesma sección inclúense distintas edicións posteriores nas que se usou a estampa *A derradeira lección do mestre* como motivo gráfico. Por que cres que foi tan amplamente divulgada? Das que están expostas, cal foi a que máis che chamou a atención? Por que?







## Castelao maxistral

Propostas de traballo para a aula

## Castelao maxistral. Propostas de traballo para a aula (33–51)

**33.** Le con atención o seguinte texto e contesta as preguntas:

*Existen obras de arte coa capacidade de expresar nunha imaxe a verdade dunha época. A exposición Castelao maxistral trae por primeira vez a Galicia un destes cadros: A derradeira leición do mestre, un óleo pintado por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao durante os seus anos na Arxentina. Esta obra é coñecida como o Guernica galego e nela preséntanos un arrepiante retrato e a severidade dun dos episodios máis negros da nosa historia.*

*Este cadro, a través do que se articula o relato da exposición, dirixe a ollada cara aos mestres, figuras esenciais na construción dunha cidadanía madura e democrática e imprescindibles para comprender a resistencia contra a ditadura.*

*A exposición, ademais da súa poderosa carga simbólica como defensa da educación fronte ao fanatismo, trasládanos unha mensaxe de unidade coa Galicia exterior, configurada pola actividade e o compromiso de moitos galegos que atoparon refuxio en América, como o propio Castelao, daquela exiliado en Bos Aires.*

*A conciencia das comunidades galegas establecidas na Arxentina e noutros moitos países permítennos contemplar hoxe obras que representan pezas imprescindibles para comprender a historia propia.*

*Neste sentido, A derradeira leición do mestre preséntase como unha boa mostra das achegas da diáspora á cultura galega.*

*O talento de Castelao e o seu compromiso coas liberdades fixeron de A derradeira leición do mestre un berro de denuncia que resoou no mundo e que seguiu mantendo a súa forza ata chegar aos nosos días.*

*A exposición Castelao maxistral —unha homenaxe aos mestres, moitos dos cales pagaron con penurias ou mesmo coa súa propia vida a defensa da democracia— chega a nós e convidanos a reflexionar sobre esa "lección derradeira" plasmada polo artista de Rianxo nun dos seus lenzos máis coñecidos. Unha ensinanza universal e imperecedoira que reafirma o valor da educación como antídoto fronte á intolerancia.*

Alberto Núñez Feijóo. Presidente da Xunta de Galicia.

Recollido de *Castelao maxistral. A boa obra ao mestre honra. Cidade da Cultura de Galicia. Museo Centro Gaiás, 05-10-2018/03-03-2019*, Xunta de Galicia 2018. A cita procede de *Obras completas*, vol. 4, pp. 465-468.

- Cal é o período histórico que o texto describe como un "dos episodios máis negros da nosa historia"?
  - A que ditadura se refire o texto?
  - Por que estaba Castelao no exilio?
- Busca no Dicionario da Real Academia Galega o significado da palabra "represión". Que frase ou frases do texto encaixan coa palabra "represión"?
- A quen representa o "arrepiante retrato" do cadáver do cadro *A derradeira leición do mestre*?

34. Observa con atención esta fotografía.



17 de agosto de 1945, día dos Mártires Galegos, no centro Ourenán no que se presentou o busto en bronce de Alexandre Bóveda e o cadro de Castelao.

- Relaciona as cuestións da pregunta 33 coa fotografía.
- Por que o 17 de agosto foi declarado como "Día dos Mártires Galegos"?
- Cal é a relación entre a palabra "represión" e o "Día dos Mártires Galegos"?
- *A derradeira leición do mestre* está dedicada a un home que non foi mestre de escola. Por que lle chamará "mestre"? Explicaoo relacionándoo coa etimoloxía da palabra.
- Por que se presentou nun mesmo acto o busto de bronce de Alexandre Bóveda e o cadro *A derradeira leición do mestre*?

35. Le o seguinte texto e relaciónao cos exercicios anteriores.

*" (...) Alexandro Bóveda, realizador do máis poderoso feito de vontade galega; prototipo de cidadáns e protomártir da nosa liberdade, estrela das nosas espranzas.*

*(...) ¿Quen foi Bóveda? 1 eu diría, simplemente, para non emocionarme: Leede o Estatuto Galego i en cada unha das súas palabras veredes latexar o espírito, a intelixencia, a vontade de Bóveda; (...) maxinade a implantación do réxime autonómico que a República nos ofrecía, e veredes cómo Bóveda era o esteo que aseguraba o éisito do novo estado (...)"*

Recollido de Miguel Anxo Seixas Seoane, *"A derradeira lección de Castelao", Castelao maxistral. A boa obra ao mestre honra. Cidade da Cultura de Galicia. Museo Centro Gaiás, 05-10-2018/03-03-2019, Xunta de Galicia 2018. A cita procede de Obras completas, vol. 4, vol. 4, pp. 465-468.*


- Lembra as respostas relacionadas co asasinato de Alexandre Bóveda e coa elaboración do Estatuto de Autonomía. Relaciona estas expresións do texto "protomártir da nosa liberdade" e "cando se encamiñou ao martirio" coas dúas primeiras cuestións da pregunta 34.

36. A escola da IIª República.

- Análise das imaxes da exposición que mostran a precariedade das escolas a inicios do s. XX.
- Le con atención as seguintes gráficas. Como evoluciona o número de alumnos escolarizados e o número de escolas durante os anos republicanos? Relaciona a túa análise coa pregunta 26.

Gráfica 3. Evolución do número de alumnos escolarizados en escolas públicas en Galicia (1861-1933)

Gráfica 3. Evolución del número de alumnos escolarizados en escuelas públicas en Galicia (1861 y 1933)




Fonte: COSTA RICO, A. *Escolas e Mestres...*, op. cit., p. 104. Elaboración propia, sobre datos estadísticos oficiais.

Fuente: COSTA RICO, A., *Escolas e Mestres...*, op. cit., p. 104. Elaboración propia, sobre datos estadísticos oficiais.

Gráfica 2. Evolución do número de escolas públicas en Galicia (1860-1936)

Gráfica 2. Evolución del número de escuelas públicas en Galicia (1860-1936)



Fonte: COSTA RICO, A. *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á IIª República*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989, p. 119.

Fuente: COSTA RICO, A. *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á IIª República*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989, p. 119.

**37.** A represión do maxisterio.

- Busca en internet o número 21 de *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación* (2017). A partir da súa páxina 239 está recollida a relación de profesoras e profesores mortos por mor da represión, listaxe que fotografaches na visita á exposición (pr. 25).
- Converte en diagramas de barras ou en gráficos de sectores a información numérica de profesorado asasinado por provincias, de profesorado asasinado por anos e de profesorado executado ou paseado.
- Le o seguinte texto e responde as preguntas correspondentes:

*O maxisterio republicano, "as luces de República" das que falaba Manuel Rivas, erixíase como un perigo para a lexitimación dun réxime, o franquista (...).*

*(A) educación republicana (estaba) definida na Constitución como pública, unificada, laica, activa, bilingüe e solidaria (...). Os ideais do nacional-catolicismo resumíanse na "escola do non", (unha) "nova" escola que había que lexitimar borrando da memoria individual e colectiva os ideais cualificados como revolucionarios e estranxeirizantes do período anterior.*

*Desde o mesmo 18 de xullo de 1936, o Novo Réxime fixo visible a súa necesidade de deslexitimar as ideas e as prácticas educativas republicanas e, en especial, as persoas que as encarnaban: os mestres e as mestras. (...)*

*Para conseguilo, iniciáronse diferentes procesos represivos. Uns, de carácter físico –fusilamentos, "paseos", encarceramentos– foron comúns a todos os sectores da poboación. A eles engadíronselles outros máis específicos, destinados á depuración do funcionariado, que se exerceron sobre os membros dos aparatos do Estado, entre os que se atopaba o profesorado, en todos os seus graos.*

*A depuración posuía un duplo carácter: punitivo e preventivo. Había que castigar as persoas que manifestaran condutas e ideoloxías disidentes e, ao mesmo tempo, a sanción debía ser exemplarizante, disuadindo os posibles imitadores, afastándoos da realización de condutas semellantes.*

M<sup>a</sup> del Carmen Agulló Díaz: "Amputar, segar, limpar e purificar: a depuración do maxisterio durante o franquismo" en *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 21, 2017, p. 8.

- Relaciona "A escola da República" (pregunta 26) con algunha frase do texto.
- Lembra os versos de "Cunetas" que anotaches na mostra e ponos en relación con este texto.

**38.** No vídeo "[Reflexión sobre a situación sociolingüística](#)" elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Félix Muriel de Rianxo, unhas mulleres da idade das vosas avoas fan unha reflexión sobre como ven o galego na actualidade e como era na súa época. A partir do minuto 7:08 falan da lingua empregada na escola e noutros ámbitos. Despois de escoitar o vídeo, resolve as seguintes cuestións:

- Indica os diferentes ámbitos dos que dan conta e a lingua empregada en cada un.
- Que lingua empregaba a xente da aldea cando ía á vila? Que supoñía? Razona a resposta.
- Castelao estudou Medicina. Se exercese de médico, que lingua cres que lle falaría á señora do vídeo que refire a súa historia lingüística na relación cos médicos? Razona a resposta.

**39.** Le o relato "[Sabela](#)", pertencente á obra *Retrincos*. Relaciona o texto coa experiencia que contan as señoras sobre a lingua empregada para ligar (min. 16 do vídeo).

40. Nestes enlaces podes ver a etimoloxía do termo "mestre", segundo un profesor de [portugués](#) e outro de [español](#). Poderías agora deducir de onde toma Castelao o termo que máis emprega para falar dos mestres?

41. *A derradeira lección do mestre* está dedicada a un home que non foi docente. Por que lle chamará mestre? Explicao relacionándoo coa etimoloxía da palabra.

42. Mira o vídeo "[A Memoria da lingua](#)" (As candongas do quirombo). A continuación resolve as seguintes cuestións arredor das protagonistas de máis idade que están no vídeo, persoas que puideron ir á escola nas décadas do 40 e 50 do século XX.

- Sinala os tipos de castigo que aseguran que recibían por falaren en galego.
- Reflicten unha realidade semellante á descrita por Castelao nalgunhas das láminas que viches? Xustifica a resposta.

43. Despois de leres os relatos de [Cousas](#) debes buscar similitudes entre algunhas estampas que viches na exposición e os textos (acompañados de debuxo) que aparecen nesta obra narrativa.

44. Logo de rematares o exercicio anterior, cómpre agora que volvas sobre a obra narrativa para analizares as principais diferenzas entre os temas tocados nela e os de *Galicia mártir*.

45. Escribe un breve relato ao estilo dos de *Cousas* para unha das estampas de *Galicia mártir* que non sexa a d'*A derradeira lección do mestre* (calquera outra das que teñas fotografado na exposición).

46. Elabora un texto xornalístico co título: "*Do debuxo ao cadro*". Nel debes dar conta das diferenzas entre o debuxo e o cadro, sen que che esqueza o emprego de "lección" nun e "lección" noutro.

47. Pescuda quen foi Luís Pimentel, a que movemento literario se adscribe e como encaixa o poema "*Cunetas*" dentro da súa obra.

48. A partires da visita á exposición indica cales eran as crenzas de Castelao sobre a forma de goberno do estado español? E de Galicia? Cita algunha obra da exposición na que se faga referencia a este aspecto.

49. Poñede en común na aula e establece un debate sobre a importancia que ten a arte como instrumento de denuncia social.

50. Durante a Guerra Civil española, o goberno republicano publica unha nova edición dos *Desastres* de Goya (probablemente a obra gráfica española máis significativa e que mellor reflexe a actitude comprometida dun artista ante a guerra). Castelao amosa admiración polo pintor aragonés e hai paralelismos entre ambos. Nas seguintes obras de arte todas teñen en común a visión do autor do drama máis terrible das guerras: as mortes. Fai unha ficha técnica de cada unha delas e descríbeas atendendo ao contexto histórico-artístico no que foron feitas.



Manet: Fusilamento do emperador Maximiliano



Goya: Con razón o sin ella. Desastres de la Guerra



Goya: *Os fusilamentos da Moncloa*



Picasso: *Masacre en Corea*





Picasso: *Guernica*



Xaime Quessada: *O ditador*



A derradeira leición do mestre

Castelao: *A derradeira leición do mestre*

**51. Galicia mártir. Estampas por Castelao.** O obxectivo desta actividade é a elaboración dun comentario de cada unha das estampas de *Galicia mártir*. O comentario de cada estampa será redactado por parellas e exporase na Biblioteca do centro.

As estampas de *Galicia mártir* están dispoñibles en: <http://www.museo.depo.gal/coleccion/catalogo.castelao/es.03110000.html?W@heWawQ@i8AACD2t@E>

Tamén poden ser consultadas en:

- Álbums de guerra: Estampas por Castelao: <https://albetesdeguerra.pressbooks.com/chapter/este-e-o-deus-dos-feixistas/>
- Unha ducia de estampas da '*Galicia mártir*', por Castelao en: <http://praza.gal/ducia/333/estampas-da-galicia-martir-por-castelao/#flexslider-2>

O comentario de cada estampa estará baseado nunha reflexión sobre o título e nunha descrición da imaxe (100-150 palabras). Incluirá unha ficha que recolla os datos técnicos de cada estampa. Pode ser consultada na páxina web do Museo de Pontevedra (<http://www.museo.depo.gal/coleccion/catalogo.castelao/es.03110000.html?W@huFqwQ@i8AACvMMjk>).

Ademais, cada comentario recollerá as respostas das preguntas propostas a continuación.

### Este é o deus dos feixistas

- Ficha técnica
- Describe a imaxe
- Que significa o título? A quen se refire Castelao coa palabra "feixistas"? Como están representados na imaxe?
- Cres que ten algunha relación entre o seguinte parágrafo e viñeta de Castelao. Razo a túa resposta:

*A Igrexa e o Caudillo camiñaron asidos da mano durante catro décadas. Franco necesitou o apoio e a bendición da Igrexa católica para levar a bo término unha guerra de exterminio e pasar por enviado de Deus. A Igrexa gañou con esa guerra unha paz "duradeira e consoladora", plena de felicidade, satisfaccións e privilexios. A relixión serviu a Franco de refuxio da súa tiranía e crueldade. A Igrexa deulle a máscara perfecta.*

Julián Casanova: "La Iglesia de Franco", *Infolibre*, 21/11/2018.  
[https://www.infolibre.es/noticias/luces\\_rojias/2018/11/21/la\\_iglesia\\_franco\\_89017\\_1121.html](https://www.infolibre.es/noticias/luces_rojias/2018/11/21/la_iglesia_franco_89017_1121.html)

### Queiman, rouban e asasinan no teu nome!

- Ficha técnica
- Describe a imaxe
- Que significa o título?
- Le o artigo "*La Iglesia y la represión franquista*" (elpais.com, 26.11.2008; [https://elpais.com/diario/2008/11/26/opinion/1227654005\\_850215.html](https://elpais.com/diario/2008/11/26/opinion/1227654005_850215.html)), de Julián Casanova. Cal foi o papel da Igrexa católica durante a Guerra Civil?
- Busca unha fotografía da Guerra Civil na que as autoridades franquistas aparezan nun acto relixioso.

### Arriba os probes do mundo...

- Ficha técnica.
- Describe a imaxe.
- Que significa o título?

*"Es necesario propagar una atmósfera de terror [...]. Cualquiera que sea abierta o secretamente defensor del Frente Popular debe ser fusilado".*

Emilio Mola Vidal, julio de 1936. Citado en Josep Solé i Sabate e Joan Vilarroya, "La represión en la zona rebelde", *La Guerra Civil 6. Los dos gobiernos*, Madrid, Historia 16, 1986.

Para saberes quen foi Emilio Mola podes consultar o *Diccionario Biográfico* da Real Academia da Historia.

### Así aprenderán a non ter ideas

- Ficha técnica.
- Describe a imaxe.
- Que significa o título?

*"Se tendrá en cuenta que la acción ha de ser en extremo violenta para reducir lo antes posible al enemigo, que es fuerte y bien organizado. Desde luego, serán encarcelados todos los directivos de los partidos políticos, sociedades o sindicatos no afectos al Movimiento, aplicándoles castigos ejemplares a dichos individuos para estrangular los movimientos de rebeldía".*

Emilio Mola Vidal, *Instrucción reservada número 1*. Citado en Josep Solé i Sabate e Joan Vilarroya, "La represión en la zona rebelde", *La Guerra Civil 6. Los dos gobiernos*, Madrid, Historia 16, 1986.

Para saberes quen foi Emilio Mola podes consultar o *Diccionario Biográfico* da Real Academia da Historia.

- Observa a seguinte imaxe:

◊

**En nuestra ciudad han sido juzgados en Consejo de guerra por el delito de dar vivas a Rusia y levantar el puño, los paisanos: Manuel Rios Seoane, José Silva Sánchez, Luis Rios Seoane, Isolino Vilarriño Garabal, Eorri que Vázquez Otero y Salvador Chcrén Fandiño, para los cuales ha pedido el fiscal la pena de cadena perpétua para los dos primeros; quince años de prisión para los dos siguientes y la absolución para los dos últimos.**

**Por ahora la sentencia está pendiente de confirmación superior.**

◊

Nota do xornal *El Compostelano* (18 de agosto de 1938) reproducida en WAA: *80 anos. Santiago 1936. Memoria da exposición*, Santiago de Compostela, Concello de Santiago-Deputación Provincial da Coruña-G.I. Histagra\_G.I. Historia da Literatura Galega, páx. 159.

### Cobardes! Asesinos!

- Ficha técnica
- Describe a imaxe.
- Que significa o título?
- Que significa U.H.P.?
- Que significa a frase "Arriba España" no contexto da Guerra Civil?
- Busca algunha imaxe dunha muller rapada (*pelá*) como medida represiva e le o seguinte testemuño:

*Fixonos entrar nunha habitación e alí atopamos o que nos agardaba. Sete ou oito mulleres, unhas co pelo xa cortado e outras ás que llelo estaban a cortar, aínda, pola forza. Luísa, ao ver aquilo parecía que ía volverse tola: "A min non, a min non", empezou a gritar, "A min non mo van cortar!", e correu cara á porta. Dous falanxistas abalanzáronse sobre ela e a suxeitaron (...). Veu un terceiro e empezou a cortar. (...) Ao rematar co pelo, marcáronlle na fronte, con nitrato de prata unhas letras".*

Testemuña dunha muller de Vilagarcía de Arousa recollido en  
*A memoria esquecida: Peladas, presas, paseadas*, Xunta de Galicia, 2006, páxs. 42-43.

### A derradeira lección do mestre

- Ficha técnica.
- Describe a imaxe.
- Que significa o título?
- Compara esta estampa co cadro *A derradeira lección do mestre*. A quen están dedicados?

*Procesado: De los diez minutos que se me conceden me sobran cinco. Y en castellano, naturalmente, me expresaré, no en español, como decía el Presidente, puesto que el gallego es también idioma español. (...) No voy ahora a discutir ese aspecto (...) Mi patria natural es Galicia. La amo fervorosamente. Jamás la traicionaría, aunque se me concediesen siglos para vivir. La adoro hasta más allá de mi muerte. Si entiende este tribunal que por este amor entrañable debe serme aplicada la pena de muerte, la recibiré como un sacrificio más por ella. Hice cuanto pude por Galicia y haría más si pudiera. Si no puedo, hasta me gustaría morir por mi patria. Bajo su bandera deseo ser enterrado (...) y este "agarimo" –permítaseme la única palabra gallega que empleo en el idioma que he hablado siempre– que le tengo a la tierra sagrada en que tuve la dicha de nacer no me obliga a sentir ningún odio a España, a la que por derecho, pertenezco. Solamente he combatido sus errores y, a veces, sus crueldades políticas para con mi Galicia idolatrada. Nada más.*

Alexandre Bóveda. En defensa propia ante el Tribunal Militar, VIII-1936.

### Non enterran cadavres; enterran semente

- Ficha técnica.
- Describe a imaxe.
- Que cres que quería transmitir Castelao co título desta estampa?

### Van a matarnos, pero venceremos

- Ficha técnica.
- Describe a imaxe.
- Que significa o título?
- Lembra os nomes que aparecen na imaxe.
- Fai no comentario da imaxe unha referencia ao seguinte parágrafo:

*Era pola época da sega, aquela mañá, na que ía moito calor, fora con todos ao campo. (...) Viñeron por el polo carreiro, en fila e agochados, uns dezasete ou dezaioito homes. Tres militares con fusís e falanxistas con pistolas e escopetas. Pasaron perto de nós e, como non se decataron da presenza de Ánxel, seguiron ata á casa e alí, preguntaron por el. Miña nai, sospeitando as intencións con que viñan, tratoulles de indicar a dirección contraria para ter tempo de darlle o aviso para que se agachara, pero a muller de Ánxel, inxenuamente, foi quen lles indicou onde estaba. Puxeron a casa patas para arriba. A miña nai, que estaba embarazada, ao se resistir, levou varios culatazos mal intencionados, pero tivo sorte. Viñeron por nós, eu tiña sete anos e inda lembro todos aqueles homes a apuntarnos desde a cuneta. El estaba firme, a protexerme, en mangas de camisa e así o levaron, atado cun adival dun carro, que logo deixaron tirado no camiño onde tiñan os autos. O párroco non saíu en defensa del, iso que despois sempre se mostrou defensor da xente da parroquia. Decía que como non era parroquiano...*

Testemuño de Xosé Castro Sánchez, recollido en Xosé M<sup>a</sup> Dobarro Paz e Ernesto Vázquez Souza: *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, Sada, Edicións do Castro, 2003, páxs. 409-419.

### Esta door non se cura con resiñación

- Ficha técnica.
- Describe a imaxe.
- Que significa o título?
- Por que debuxa Castelao unha fouce? Utilizouna como símbolo na súa proposta de escudo de Galicia. Busca o seu significado no libro *Os símbolos de Galicia*, de Francisco F. Martínez (Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia, 201; [http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/Publicacions/Os Simbolos de Galicia.pdf](http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/Publicacions/Os%20Simbolos%20de%20Galicia.pdf)).


- Relaciona esta estampa coa que se titula "Non enterran cadavres; enterran semente".

### Supervivente

- Ficha técnica.
- Describe a imaxe.
- Que che suxire?

## Bibliografía

- Álvarez Castro, X. (2013): *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-1939)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- *As candongas do quirombo: A memoria da lingua* (<https://vimeo.com/16277612>).
- Beramendi, Justo G. (2001): "Caracteres básicos do pensamento político de Castelao", en *Congreso sobre Castelao*, Santiago de Compostela.
- Casares, Carlos (2007): "A actividade política de Castelao no exilio", en *O exilio galego de 1936. Política, sociedade, itinerarios*. Sada: Edicións do Castro.
- Castelao (1999): *Retrincos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- *Castelao maxistral. A boa obra ao mestre honra. Cidade da Cultura de Galicia. Museo Centro Gaiás*, 05-10-2018/03-03-2019 (2018). Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.
- Costa Rico, Antón (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX)*. Vigo: Xerais.
- Fernández Prieto, Lourenzo e Antonio Míguez Macho (eds.) (2018): *Golpistas e verdugos. Historia dun pasado incómodo*. Vigo: Editorial Galaxia.
- García Negro, Pilar (2006): "Os álbumes de guerra de Castelao: Galicia Mártir (1937), Atila en Galicia (1937), Milicianos (1938), no contexto da súa obra", en *Murguía*, nº 10, pp. 59-78.
- Juana, Jesús de e Xulio Prada (2007): *Lo que hicieron en Galicia*. Barcelona: Crítica.
- Míguez Macho, Antonio (2009): *O que fixemos en Galicia. Ensaio sobre o concepto de práctica xenocida*. Ourense: Difusora das Artes e Ideas.
- Míguez Macho, Antonio (2009): *Xenocidio e represión en Galicia*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- Monteagudo Folgar, Xosé (2016): *Todo canto fomos*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Paz Andrade, Valentín (2012): *Castelao, na luz e na sombra*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Galaxia.
- *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, nº 21, 2017.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo (ed.) (2006): *Castelao pintor*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo (2017): *Alfonso Daniel Manuel Rodríguez "Castelao": biografía dun construtor da nación. Tese de doutoramento*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Seminario de Estudos Galegos (1923): *Algunhas normas ortográficas pra a unificación do idioma galego*. Santiago: Nós.
- *Simposio sobre Castelao na Galiza do século XX* (1999). Universidade da Coruña e Edicións do Castro: Sada.
- Valle Pérez, Xosé Carlos (2000): "Castelao e a arte", en *Castelao: Exposición 50 Aniversario*. Museo de Pontevedra: Pontevedra.



A derradeira leición do mestre